NOTAS AO PROGRAMA

O programa de hoxe estrutúrase en dous partes moi diferenciadas, posto que na primeira abordamos música escrita e referida á zona de Levante, e na segunda abordamos o folclore búlgaro, orquestrado con mestría polo compositor suízo Franco Cesarini.

Comezamos rendendo homenaxe a un dos compositores valencianos máis importantes no que a música de banda refírese. Aínda que circunstancialmente catalán de nacemento, Miguel Asins Arbó compuxo a seu suite "Os Madriles" entre 1988 e 1992, como homenaxe aos mestres do “género chico”, obra que lle valeu un Premio Mestre Vila de Madrid en 1993. Desta suite interpretamos o primeiro tempo "Arco de Monteleón", que en palabras do autor "está a representar unha marcha militar moi española que evoca a xesta heroica do pobo madrileño". A produción deste músico, do que o ano pasado interpretamos a suite "Diego de Acevedo", é dunha calidade sobresaínte, e estamos seguros de que se as súas partituras tivesen a difusión editorial que merecen, estaría asiduamente nos atrís das bandas de todo o mundo.

Continuamos cunha deliciosa peza elaborada a partir da bela melodía popular valenciana "Bolero de l´Alcúdia". Os irmáns Murillo organizárona e orquestraron con sumo gusto, de modo que a melodía aparece oito veces sobre catro tonalidades distintas, sobre unha repetitiva base rítmica que se desenvolve in crescendo. Esta melodía moi popularizada a través de diferentes versións, recibiu ademais unha letra en forma de poema escrito por Vicent Andrés Estellés.

Proseguimos cun dos músicos valencianos máis importante na actualidade; José Rafael Pascual-Vilaplana, quen empuñou nalgunha ocasión a batuta da nosa BMMC, é ademais dun director imprescindible, un inspirado compositor. Defensor sen concesións do xénero chamado "Música festera" (de mouros e cristiáns), compuxo unha marabillosa marcha cristiá dedicada á memoria de Jéssica Olcina Vos, filla do capitán Cristián pola "filà Pirates” do seu Muro natal, no ano 2000. A continuación escoitaremos a súa magnífica e recente composición para ensemble, formado por un dobre quinteto, de vento e de metal, "Bagatelles". Trátase dunha suite encargo do Festival SBALZ 2015, que pretende ser unha alegoría ao número cinco. Os seus cinco movementos recollen diferentes tipoloxías e nomenclaturas da devandita cifra, utilizando as culturas grega, latina, ibérica e valenciana. O material musical empregado sempre fai referencia ao cinco desde múltiples puntos de vista, armónicamente, rítmicamente, interválicamente, etc. A destacar o cuarto movemento, no que se utilizan cinco melodías do repertorio universal escritas con cinco sons (Beethoven, Grieg, Ravel, Hindemith e Puccini).

Como xa dixemos a segunda parte queda conformada coas dúas obras que Franco Cesarini escribiu sobre o rico folclore búlgaro. No seu Op. 35, utiliza unha forma rapsódica organizada en catro seccións. Proseguimos literalmente coas notas que Pascual Vilaplana escribiu para o libreto da súa gravación desta obra: "o compositor, sendo fiel aos orixinais, quixo aproveitar o material e elabórao de forma rica e proveitosa para os recursos tímbricos que a banda ofrece. A primeira melodía corresponde á canción Polegnala e Pschenitza, típica da colleita en Tracia. Despois penetrarémonos no ritmo frenético da Erghen Diado. A partitura sobre cunha nana denominada Polegnala e Todora. E finalmente conclúe cun novo ritmo cheo de cambios e frenetismo chamado Yabalko Zlatna (a mazá de ouro)". Esta obra está escrita In memoriam Alfred Reed. No seu Op. 43, Cesarini organiza o material folklórico en tres movementos independentes. No primeiro tempo a canción Lale li se, zyumbyul li se, gyul li se, serve de base para unha profunda elexía, alternando pasaxes nostálxicas e meditativos con outros de maior intensidade. No segundo tempo utiliza a canción Oi shope shope, sobre unha base rítmica de 7/8, moi típica no folclore búlgaro. E finalmente usa a canción Damba, levando a suite a un solemne final. As dúas obras foron encargadas por a banda da federación suíza como obras obrigadas para o 32 e 33 concurso de bandas en Lucerna e Sankt Gallen, en 2006 e 2011, respectivamente.

Como comentario final dicir que xusto a vindeira semana terá lugar un acontecemento musical relevante, posto que Franco Cesarini foi invitado por José Rafael Pascual-Vilaplana, para dirixir a estrea mundial da sua propia primeira sinfonía, ó frente da Banda Municipal de Bilbao.

Andrés Valero-Castells
www.andresvalero.com

PROGRAMA

de LEVANTE A BULGARIA vía SUIZA

I PARTE

ARCO DE MONTELEÓN da suite
LOS MADRILES (1988-1992)
Miguel Asins Arbó* (1916-1996)

BOLERO DE L’ALCÚDIA**
Popular, arranxo de Enric e Ángel Murillo

JÉSSICA marcha cristiana (2000)**
BAGATELLES para dobre quinteto (2015)**
I - Pénte
II - Épsilon
III Quinque
IV Kinqu
V Cinc

José Rafael Pascual-Vilaplana (1971)

II PARTE

DANZAS BÚLGARAS (parte I) Op. 35 (2005)
DANZAS BÚLGARAS (parte II) Op. 43 (2011)**
I - Lale li si, zyumbyul li si, gyul li si
II - Oi shope, shope
III Damba

Franco Cesarini (1961)

* En conmemoración do primeiro centenario do seu nacemento
** Primeira audición BMMC

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móviles durante o tiempo do concierto. Grazas

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

(director)

(Silla, 1973). Se forma nos CCSS de Valencia e Murcia, titulóuse en 8 especialidades, con 4 Mencións de Honra e Premio Fin de Carreira. Foron seus profesores máis destacados R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, E. Cifre, M. Galduf, J. Mª Vives, V. Campos, etc. Asistíu a cursos de perfeccionamento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella, etc. Obtuvo o *Diploma de Estudios Avanzados* (D.E.A.) por a UCV. Dende 2004 ocupóu unha cátedra no Conservatorio Superior "J. Rodrigo" de Valencia.

Dende que no 2001 gañara o "A. Gaos" na Coruña, e estreara coa OSG, desarrollou unha intensa carreira como compositor, director, e docente. Recibiu premios e distincións en Francia, Italia, EEUU e España. Suas obras se interpretaron na maior parte de Europa, América e Asia. Suas partituras están editadas en España, Francia, Suiza, e EEUU. No terreo sinfónico estrenou con as sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas del Covent Garden, Filarmónica de Medellín, Baltic Neopolis, etc. Conta con unha ampla discografía, realizada en España, Noruega, Francia, Suiza, Holanda, EEUU, y Japón. Foi directivo da *Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos*; residente del Festival Internacional Spanish Brass, e da *Joven Orquesta de la Generalitat Valenciana*. É membro de número da *M. I. Academia de la Música Valenciana*.

Foi Director Principal Convidado da *Orquesta y Banda Primitiva de Llíria*; fundador do ensemble Estudi Obert; director das bandas da SAM de Picassent,o CIM de Mislata, e a *Lírica de Silla*; como convidado dirixíu entre outras formacións, a *Orquesta de Valencia*, as *Bandas Municipales de Valencia, Madrid, Barcelona, Alicante, A Coruña, Santiago de Compostela*, etc., así como a banda da *FSMCV, a de Musikene, a Artística de Buñol, o Día de la Música Valenciana, etc*. Dirixíu estreos absolutos e nacionales de L. Balada, H. Mertens, M. Daugherty, S. Sciarrino, de L. Berio, R. Mira, F. Tamarit, Ll. Barber, J. Lord, etc. Dirixíu en varias ocasións ensembles, ópera en concerto, e bandas sinfónicas no *Festival Internacional de Música Contemporánea de Valencia Ensems*. Ademáis a súa versatilidade levoulle a abordar proxectos singulares como a grabación dun *dvd* para Sony có grupo de rock *Barón Rojo e o CIM de Mislata.*

www.andresvalero.com

VINDEIROS CONCERTOS

PAZO DA ÓPERA

14 de febreiro

28 de febreiro

6 de marzo

20 de marzo

3 de abril

30 de abril

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en ***banda@coruna.es***

PAZO DA ÓPERA

31 DE XANEIRO - 12.15 H.

DIRECTOR:

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

TEMPADA 2015/2016

BMMC

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE A CORUÑA